## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Orde do 14 de febreiro de 2006 pola que se declara de interese galego a* Fundación Ceo para el Desarrollo Empresarial *e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

Con data do 18 de novembro de 2005 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 9 de novembro de 2005, pola que se clasifica de interese social a *Fundación Ceo para el Desarrollo Empresarial*, adscribíndoa á Consellería de Traballo, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

O obxecto da fundación, segundo establece o artigo 6 dos seus estatutos, é o seguinte:

Fomentar a economía social, desenvolvendo actividades destinadas á creación de emprego, promover a innovación das empresas, fomentando a modernización das estruturas produtivas das empresas e a prestación de servizos e auxilios necesarios para fomentar a mellora da súa xestión e organización, facilitando o acceso ás novas ferramentas de xestión e formando e reciclando os seus traballadores. Actividades enmarcadas dentro do propósito de colaborar no desenvolvemento económico e no progreso e cohesión sociais mediante o fomento, promoción e asistencia da iniciativa privada empresarial.

Por todo isto, en virtude das competencias que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e segundo o establecido no artigo 8 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro, e o artigo 32.3º a) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, e no Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia,

*DISPOÑO:*

Primeiro.-Declarar de interese galego a *Fundación Ceo para el Desarrollo Empresarial*, ao cumpriren os seus estatutos as prescricións que, para tal efecto, sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordenar a inscrición da *Fundación Ceo para el Desarrollo Empresarial* no rexistro de fundacións de interese galego, sección da Consellería de Traballo, para os efectos constitutivos que sinala o artigo 8 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro.

Terceiro.-A dita fundación queda sometida ao disposto no resto da normativa de xeral aplicación, en especial, á obriga de darlles publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, quedando obrigada ante o protectorado a lle render contas anualmente e xustificar, a través dunha memoria anual, o cumprimento das cargas fundacionais, así como a presentarlle o proxecto de orzamento con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o que se formula, debendo solicitar as preceptivas autorizacións cando sexan necesarias.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2006.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

# IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 10 de marzo de 2006 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A disposición adicional décimo primeira.1 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e o Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes que imparten as ensinanzas escolares do sistema educativo e no corpo de inspectores de Educación, establecen que o sistema de ingreso na función pública docente será o de concurso-oposición convocado polas respectivas administracións educativas que estean en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa. Pola súa parte, o artigo 10 do citado real decreto establece que a convocatoria do concurso-oposición poderá ser única para os distintos procedementos de ingreso e accesos.

Por outra banda, o artigo 44 do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, establece que as administracións educativas determinarán, mediante as oportunas convocatorias, as especialidades que dentro do corpo de pertenza se poden adquirir mediante o procedemento descrito no título V do dito real decreto.

Aprobada polo Decreto 43/2006, do 2 de marzo, a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten ensinanzas escolares da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acorda anunciar as seguintes convocatorias e correspondentes bases:

-Convocatoria do procedemento selectivo de acceso e ingreso aos corpos de profesores de ensino

secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas.

-Convocatoria para a adquisición de novas especialidades no corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas.

## TÍTULO I
## Procedementos de ingreso e acceso

Base común 1. Normas xerais.

1.1. Número de prazas.

Convócanse probas selectivas para cubrir 326 prazas, correspondentes 272 para o corpo de profesores de ensino secundario, 15 para o corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e 39 para o corpo de profesores de música e artes escénicas.

A distribución das prazas por corpos, polo sistema de cobertura e especialidades, é a seguinte:

-Corpo de profesores de ensino secundario (código 590).

| Código da especialidade | Especialidade | Reserva funcionarios corpos e escalas docentes grupo B | Prazas reservadas a discapacitados | Ingreso libre | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| 001 | Filosofía | 2 | 1 | 8 | 11 |
| 004 | Lingua castelá e literatura | 5 | 3 | 34 | 42 |
| 005 | Xeografía e historia | 10 | 2 | 25 | 37 |
| 006 | Matemáticas | 5 | 3 | 39 | 47 |
| 007 | Física e química | 2 | 1 | 8 | 11 |
| 008 | Bioloxía e xeoloxía | 5 | 3 | 29 | 37 |
| 010 | Francés | 3 | 1 | 12 | 16 |
| 011 | Inglés | 5 | 2 | 27 | 34 |
| 053 | Lingua e literatura galega | 5 | 3 | 29 | 37 |

-Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas (código 592).

| Código da especialidade | Especialidade | Prazas reservadas a discapacitados | Ingreso libre | Total |
|---|---|---|---|---|
| 001 | Alemán | 1 | 4 | 5 |
| 011 | Inglés | | 6 | 6 |
| 012 | Italiano | 1 | 3 | 4 |

-Corpo de profesores de música e artes escénicas (código 594).

| Código da especialidade | Especialidade | Ingreso libre | Total |
|---|---|---|---|
| 408 | Fagot | 3 | 3 |
| 412 | Fundamentos de composición | 3 | 3 |
| 419 | Óboe | 2 | 2 |
| 422 | Percusión | 4 | 4 |
| 423 | Piano | 10 | 10 |
| 424 | Saxofón | 3 | 3 |
| 427 | Trompa | 2 | 2 |
| 428 | Trompeta | 2 | 2 |
| 431 | Viola | 4 | 4 |
| 460 | Linguaxe musical | 6 | 6 |

1.2. Normativa aplicable.

A estes procedementos selectivos seranlles de aplicación: a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade de educación; a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea; o Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e a adquisición de novas especialidades nos corpos de funcionarios docentes que imparten ensinanzas escolares do sistema educativo e no corpo de inspectores de Educación; o Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, polo que se adscribe o profesorado dos corpos de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional ás especialidades propias da formación profesional específica; o Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, polo que se regula o título de especialización didáctica modificado polo Real decreto 1258/2005, do 21 de outubro; o Real decreto 777/1998, do 30 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo, a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e en particular a súa disposición adicional sétima, segundo a redacción dada polo artigo 12 da Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas, e demais disposicións de aplicación xeral, así como o disposto nesta convocatoria.

1.3. Asignación de prazas aos tribunais: nas especialidades en que se nomee máis dun tribunal, o número de prazas será atribuído ás comisións de selección nomeadas de acordo co establecido no punto 8 base 5 da presente convocatoria.

1.4. Nas especialidades en que se nomee máis dun tribunal, cando non exista un tribunal específico, os aspirantes que concorran polas reservas para os funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no grupo B, pola reserva de discapacitados ou polo procedemento de adquisición doutra especialidade, serán asignados ao tribunal número un.

Base común 2. Requisitos dos candidatos.

Para seren admitidos aos procesos selectivos convocados nesta orde, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais.

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún

Estado ao cal en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderá participar calquera que sexa a súa nacionalidade o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún Estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos e maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

b) Ter cumpridos os dezaoito anos e non exceder, no momento do nomeamento como funcionario de carreira, a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación.

c) Estar en posesión das titulacións que se especifican nesta base. No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente homologación polo Estado español.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.

Os aspirantes a que se refire a alínea a) desta base, cunha nacionalidade que non sexa a española, deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións correspondentes ao corpo e especialidade a que se opta.

f) Non ser funcionario de carreira, en prácticas ou estar pendente do correspondente nomeamento do mesmo corpo ao que se aspira a ingresar, agás que se concorra ao procedemento para a adquisición de nova especialidade a que se refire o título II desta orde, no que os funcionarios de carreira poderán participar.

Todos os requisitos anteriormente relacionados deberanse posuír no día en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionario de carreira.

2.2. Requisitos específicos para participar polo procedemento de ingreso libre.

Para participar polo procedemento de ingreso libre, os aspirantes deberán reunir, ademais das condicións xerais, os seguintes requisitos:

2.2.1. Para o corpo de profesores de ensino secundario:

a) Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente para efectos de docencia ou ter superado todos os estudos conducentes e ter satisfeitos os dereitos de expedición del.

b) Estar en posesión do título de especialización didáctica a que se refire o artigo 58 da Lei de calidade da educación.

En relación con este requisito, na data de finalización de presentación de instancias exíxese ter superado o período académico necesario para a obtención do título, pospoñéndose a exixencia deste á data dos efectos do nomeamento como funcionario de carreira.

Están dispensados deste requisito os aspirantes que posúan o título de mestres, diplomados en profesorado de educación xeral básica, mestres de ensino primario, licenciados en pedagoxía e os que participen pola reserva establecida no punto 4 desta base. Igualmente, de conformidade co establecido no Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, polo que se regula o título profesional de especialización didáctica, segundo a modificación aprobada polo Real decreto 1258/2005, do 21 de outubro e na disposición transitoria primeira do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, estarán dispensados os que acrediten ter prestado docencia previa durante dous cursos académicos completos ou, no seu defecto, durante doce meses exercidos en períodos descontinuos, en centros públicos ou privados de ensino regrado debidamente autorizados.

Asemade, de acordo co previsto nas disposicións adicionais primeira e segunda do Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, teñen validez e efectos equivalentes ao título de especialización didáctica os certificados de aptitude pedagóxica expedidos polos institutos de Ciencias da Educación e os títulos obtidos mediante a realización e superación das ensinanzas correspondentes a cursos de cualificación pedagóxica organizados ou autorizados, após a promulgación da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, polo Ministerio de Educación e Ciencia e/ou polas administracións educativas.

2.2.2. Para o corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.

Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente para efectos de docencia ou ter superado todos os estudos conducentes e ter satisfeitos os dereitos de expedición deste.

2.2.3. Para o corpo de profesores de música e artes escénicas.

Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente para efectos de docencia ou ter superado todos os estudos conducentes e ter satisfeitos os dereitos de expedición del. De conformidade co establecido na disposición adicional única 4 e no anexo VII do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, son equivalentes para todas as especialidades as titulacións ou documentos acreditativos que se relacionan no anexo VIII desta convocatoria.

2.2.4. No caso de que as titulacións a que se refiren os números anteriores se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedido a correspondente homologación, de conformidade co disposto nos reais decretos 86/1987, do 16 de xaneiro, e 104/1988, do 29 de

xaneiro, ou o seu recoñecemento ao abeiro do establecido pola Directiva 89/48/CEE e o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, en canto lle sexan de aplicación.

2.3. Condicións específicas das prazas reservadas para os aspirantes con recoñecemento legal de discapacitado.

2.3.1. De conformidade co establecido na disposición adicional sétima da Lei 4/1988, do 26 de maio (DOG do 1 de xuño), segundo a redacción dada pola Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas, resérvase 7% das prazas a que poderán concorrer as persoas que teñan a condición legal de discapacitado, sempre que reúnan as condicións xerais establecidas nesta convocatoria e, no seu momento, acrediten un grao de diminución de, polo menos, o 33% e a compatibilidade entre a diminución e o desenvolvemento das tarefas e funcións docentes propias do corpo ao que accedan, na correspondente especialidade, mediante certificación dos órganos competentes da comunidade autónoma ou, se é o caso, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

2.3.2. Os procedementos selectivos realizaranse en condicións de igualdade cos aspirantes de libre acceso, sen prexuízo das adaptacións previstas no punto 7 da base común 5 desta convocatoria.

2.3.3. Se na realización das probas se lle presentasen dúbidas ao tribunal respecto da capacidade do aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos funcionarios do corpo ou escala a que se opta, poderá pedir o correspondente ditame do órgano competente conforme o previsto no punto 2.3.1 desta base.

2.4. Condicións específicas dos candidatos ás prazas reservadas para os funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no grupo B.

2.4.1. Poderán participar neste procedemento selectivo, para o que se reserva un 15 por 100 das prazas convocadas no corpo de profesores de ensino secundario, os funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no grupo B a que se refire a vixente lexislación da función pública que, ademais das condicións xerais, reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión das titulacións exixidas que para o ingreso no corpo se exixen no punto 2.2.1 desta convocatoria.

b) Ter prestado, ao remate do prazo de presentación de solicitudes, servizos no seu corpo de orixe durante un mínimo de seis anos como funcionario de carreira.

2.4.2. Os aspirantes que opten por este procedemento de acceso non poderán concorrer á mesma especialidade polo ingreso libre.

2.5. Data en que deben posuírse estes requisitos.

Todos os requisitos enumerados nesta base deberanse posuír no día en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión como funcionario de carreira, agás o requisito de estar en posesión do título de especialización didáctica que, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, se entenderá referido á superación do período académico para a obtención deste, pospoñéndose a exixencia deste título á data de efectos do nomeamento como funcionario de carreira.

Base común 3. Solicitudes e pagamento dos dereitos.

3.1. Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar instancia, conforme o modelo que estará á súa disposición na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nas súas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.es)

Na instancia, que deberá ir xunto con dúas fotocopias do documento nacional de identidade, consignaranse os códigos do corpo e disciplinas que figuran nas bases desta convocatoria.

3.2. Os aspirantes que aleguen estar exentos de realizar a proba de coñecementos de lingua galega presentarán o correspondente documento xustificativo debidamente cotexado.

Así mesmo, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e, de conformidade co disposto no punto 7.2 desta orde, estean exentos da realización da proba logo de acreditación do coñecemento do castelán, deberán achegar para tal efecto o diploma superior do español como lingua estranxeira ou o certificado de aptitude en español para estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas, ou o título de licenciado en filoloxía hispánica ou románica.

3.3. Os aspirantes, de ingreso libre ou a prazas reservadas para discapacitados, deberán, así mesmo, presentar o documento que se xunta como anexo V, relacionando todos os méritos que alegan e xuntando todos os documentos xustificativos, na forma que se establece no anexo I; enténdese que soamente se tomarán en consideración aqueles méritos debidamente xustificados durante o prazo de presentación de solicitudes. Os demais aspirantes deberán presentar, se é o caso, os documentos xustificativos dos méritos que aleguen.

Para efectos de valoración do expediente académico do título alegado, os aspirantes que obtivesen o título no estranxeiro, sempre que aleguen a puntuación no prazo de presentación de instancias, terán un prazo adicional de vinte días naturais, a partir de que remate o prazo de presentación de solicitudes, para presentar certificación expedida pola Administración educativa do país en que obtivo o título que indique a nota media deducida das cualificacións obtidas en toda a carreira e exprese ademais a cualificación máxima e mínima que se pode obter de acordo co sistema académico correspondente, para efectos de determinar a súa equivalencia coas cualificacións españolas.

3.4. As persoas con discapacidade deberán indicar, no escrito que xunten á solicitude, a discapacidade que padecen e solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para realizaren os exercicios nos casos en que estas adaptacións sexan necesarias. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria decidirá sobre estas adaptacións, logo dos informes que considere pertinentes dos órganos relacionados na base 2.3.1.

3.5. As instancias dirixiranse á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, podendo ser presentadas:

a) No rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

c) En calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo coas condicións establecidas no citado precepto. No caso de que se optase por presentar a solicitude ante unha oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

3.6. Non poderá presentarse máis dunha solicitude a non ser que se opte a máis dunha especialidade. Neste caso, terán que presentar tantas solicitudes e documentación xustificativa de méritos como número de especialidades a que se opte.

3.7. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3.8. Importe e pagamento dos dereitos.

Os dereitos de exame serán os seguintes:

-Corpo:

Profesores de ensino secundario: 38,20 €.

Profesores de escolas oficiais de idiomas: 38,20 €.

Profesores de música e artes escénicas: 38,20 €.

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de exame, logo de xustificación documental:

a) Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

b) Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial; no caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%.

O importe dos dereitos de exame e, se é o caso, os gastos de transferencia correspondentes faranse utilizando o impreso de autoliquidación sinalado no anexo X. O dito impreso facilitaráselles aos interesados xunto co impreso de solicitude e débese cubrir cos códigos que figuran no referido anexo.

A non presentación deste anexo, dentro de prazo, no que figure o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación deste anexo suporá substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Tamén poderá efectuarse o pagamento pola internet no enderezo: http://www.cixtec.es/conselleria/ga/ser/pago/pago.htm. Neste caso é obrigatorio enviar o xustificante que se imprime ao efectuar o pagamento.

Base común 4. Admisión de aspirantes.

4.1. Lista provisoria.

Transcorrido o prazo de presentación de instancias, a Secretaría Xeral fará pública no *Diario Oficial de Galicia* a lista provisoria de admitidos e excluídos, por corpos, disciplinas e reservas. Nesta lista aparecerán, cando menos, apelidos, nome e número de documento nacional de identidade dos aspirantes e, se é o caso, as causas de exclusión.

4.2. Reclamación contra a lista provisoria.

Contra a lista provisoria, os interesados poderán interpoñer, no prazo de 10 días naturais, a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e perante a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as reclamacións que coiden oportunas, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4.3. Lista definitiva.

As reclamacións presentadas serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos, que igualmente se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos nos procedementos que se convocan mediante esta orde. Cando, da documentación que debe presentarse no caso de seren aprobados, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación nestes procedementos.

4.4. Recurso contra a lista definitiva.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto no artigo 115 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

4.5. Reintegro dos dereitos de exame.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados, por petición dos interesados, aos aspirantes que fosen excluídos definitivamente da realización dos procedementos selectivos, por falta dalgún dos requisitos para tomaren parte nas devanditas probas.

Base común 5. Órganos de selección.

A selección dos participantes será realizada polos tribunais e, se é o caso, comisións de selección.

5.1. Tribunais cualificadores.

A Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá ao nomeamento dos tribunais que xulgarán o proceso selectivo e fará pública a súa composición no *Diario Oficial de Galicia*.

Poderanse nomear todos os tribunais que se xulguen necesarios. Así mesmo, excepcionalmente, poderá nomearse un só tribunal para máis dunha disciplina.

Naquelas especialidades en que o número de aspirantes o aconselle, a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá nomear tribunais específicos que valorarán o proceso selectivo das prazas reservadas aos procedementos previstos nos puntos 4 e 5 da base 2 e no título II desta orde.

5.2. Os tribunais estarán constituídos, de acordo co determinado polo Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, por funcionarios de carreira en activo dos corpos docentes correspondentes ou do corpo de inspectores de Educación ou de inspectores ao servizo da Administración educativa para extinguir ou de corpos docentes universitarios. Na súa designación velarase polo cumprimento do principio de especialidade, polo que, cando sexa posible, a maioría dos seus membros deberán ser titulares da especialidade obxecto do proceso selectivo.

En todo caso, os membros dos tribunais pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao cal optan os aspirantes.

Con carácter xeral, os tribunais estarán compostos por:

-Un presidente, designado directamente pola Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Catro vogais, designados por sorteo público mediante aplicación informática entre os funcionarios do corpo e especialidade correspondente. Se con posterioridade tivese que substituirse algunha persoa titular ou suplente do tribunal, o titular será substituído polo correspondente suplente ou, no seu defecto, nas que o sigan segundo a orde en que figuren na disposición que os nomeou. Se non puidese actuar o suplente número catro pasaríase ao suplente número 1.

De non poder actuar tampouco os suplentes, a Secretaría Xeral designará a seguinte persoa segundo a relación alfabética da especialidade.

Para estes efectos considerarase que pertencen ao mesmo corpo os funcionarios dos corpos de catedráticos e os funcionarios dos corpos de profesores con competencia docente no mesmo nivel educativo.

Excepcionalmente, cando o número de especialistas non exceda dez, a Secretaría Xeral poderá proceder a sortear dous vogais, solicitando os restantes doutras administracións educativas ou completando os tribunais con funcionarios doutra especialidade.

Quedarán exentos da participación no sorteo aqueles profesores que presten servizos na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais.

O sorteo terá lugar na sala de xuntas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sita en San Caetano, s/n, Santiago de Compostela, o día 18 de abril de 2006, ás 10 horas.

5.3. Tribunais suplentes.

Para cada tribunal poderase designar polo mesmo procedemento un tribunal suplente.

5.4. Constitución dos tribunais.

5.4.1. Logo da convocatoria do presidente constituiranse os tribunais e é precisa a asistencia do presidente titular, ou, se é o caso, do suplente, e de, polo menos, tres vogais.

Na citada sesión acordarán todas as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento dos procedementos selectivos.

Actuará como secretario o vogal con menor antigüidade no corpo, agás que o tribunal acorde determinalo doutra maneira.

5.4.2. Salvo que concorran circunstancias excepcionais, que serán apreciadas pola Secretaría Xeral, unha vez constituídos os tribunais só poderán actuar os membros presentes no acto de constitución e bastará coa asistencia de tres deles para a validez das sesións. Non obstante, se chegado o momento da actuación dos tribunais, estes non puidesen actuar polo menos con tres membros, a Secretaría Xeral adoptará as medidas oportunas necesarias co fin de garantir o dereito dos aspirantes á participación no proceso selectivo.

5.4.3. A suplencia do presidente será autorizada pola Secretaría Xeral, segundo corresponda; a dos vogais, polo presidente que vaia actuar, tendo en conta que deberá recaer no vogal suplente respectivo ou, no seu defecto, nos que o sigan, segundo a orde en que figuren na disposición que os nomeou.

5.5. Competencias dos tribunais.

A cualificación das probas a que se refiren os puntos 2, 3, 4, 6 e 7 da base 7 desta convocatoria e a baremación dos méritos da fase de concurso, sen prexuízo do disposto no número 1 da base común 7.

No caso dos tribunais únicos, estes actuarán tamén como comisión de selección.

A actuación dos tribunais axustarase en todo o proceso ao disposto na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.6. Asesores especialistas.

Os tribunais poderán solicitar a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, limitándose os devanditos asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores corresponderalle á Secretaría Xeral.

5.7. Adaptación de tempo e medios.

Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas necesarias para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares oportunidades para a realización das probas que o resto dos participantes. Neste sentido estableceranse, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios para a súa realización, conforme as instrucións dadas pola Consellería de Eduación e Ordenación Universitaria.

5.8. Comisión de selección.

Naquelas especialidades en que se nomee máis dun tribunal, constituirase unha comisión de selección de, polo menos, cinco membros e formada polos presidentes de cada un dos tribunais.

No suposto de que o número de tribunais das especialidades fose inferior a cinco, formará parte da comisión de selección o vogal número 1 dos tribunais que sexan necesarios, empezando polo tribunal número 1, ata acadar os cinco membros.

De estaren nomeados unicamente dous tribunais, formará parte da comisión de selección o vogal número 2 do tribunal número 1.

O presidente do tribunal número 1 será o presidente da comisión de selección.

Constitución. As comisións de selección constituiranse no prazo de corenta e oito horas desde que constituísen os tribunais.

5.9. Competencias da comisión de selección.

Serán competencias das comisións de selección as seguintes:

a) A elaboración dos exercicios a que se refiren as bases 7 e 19 da presente orde.

b) A coordinación dos tribunais, incluíndo a data de comezo da proba, que será simultánea.

c) A determinación dos criterios de actuación dos tribunais e a súa homoxeneización.

d) A determinación e publicidade dos criterios de avaliación, antes do inicio da primeira parte da primeira proba.

e) A agregación das puntuacións da fase de concurso ás adxudicadas polos tribunais na fase de oposición, a ordenación dos aspirantes e a elaboración das listas dos aspirantes que superasen ambas fases.

f) A declaración dos aspirantes que superaron as fases de concurso e oposición e resultan seleccionados, a publicación das listas correspondentes a eles, así como a súa elevación á Secretaría Xeral.

5.10. Abstención e recusación dos tribunais e das comisións de selección.

Os membros dos tribunais absteranse de intervir se se desen as circunstancias sinaladas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Do mesmo xeito, de acordo co artigo 8.4º do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, deberán absterse de actuar aqueles membros que realizasen tarefas de preparación de aspirantes aos procedementos selectivos para o mesmo corpo e especialidade, nos cinco anos anteriores a esta publicación.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior, de acordo co artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5.11. Categoría dos tribunais e comisións de selección.

Os tribunais que actúen no proceso selectivo estarán incluídos, para os efectos que prevé o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), dentro da categoría primeira.

Base común 6. Comezo e desenvolvemento das probas.

6.1. Comezo.

Estas probas selectivas non darán comezo con anterioridade ao 26 de xuño de 2006, agás, se é o caso, as probas de coñecementos de lingua castelá e coñecementos da lingua galega.

6.2. Orde de actuación.

A actuación dos aspirantes, cando esta non sexa simultánea, realizarase pola seguinte orde:

a) Aspirantes que concorran polo procedemento de adquisición doutra especialidade.

b) Aspirantes que concorran pola quenda de prazas reservadas aos funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no grupo B, por orde alfabética, de acordo coas normas do parágrafo seguinte.

c) Os restantes aspirantes, por orde alfabética, comezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra «O» conforme o sorteo que realizou a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no ano 2006, segundo a Resolución do 3 de febreiro de 2006, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 21 de febreiro. Os tribunais que non conten con aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra indicada, iniciarán a orde de actuación coa letra ou letras seguintes.

6.3. Citación dos aspirantes.

Os aspirantes serán convocados, a través do *Diario Oficial de Galicia*, para a realización, se é o caso, da proba de coñecementos de lingua castelá, a de coñecementos de lingua galega e a primeira parte da primeira das probas previstas no punto 4 da base 7 desta convocatoria, con 10 días naturais de antelación, como mínimo, indicando a data, a hora e o lugar no que se realizarán estes actos.

O tribunal poderá decidir, asemade, que se realice previamente o acto de presentación.

6.4. Os aspirantes serán convocados, se é o caso, para o acto de presentación e para cada proba en único chamamento e serán excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificados e libremente apreciados polo tribunal.

6.5. Unha vez comezados os procedementos selectivos, non será obrigatoria a publicación dos chamamentos individuais ou colectivos dos aspirantes a través do *Diario Oficial de Galicia*. Estes anuncios deberaos facer públicos o tribunal nos locais onde teñan lugar as probas con 12 horas de antelación, se se trata do mesmo exercicio, ou de 24 horas se se trata dun exercicio distinto. Desde o remate dunha proba

e ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas.

6.6. Identificación dos aspirantes.

O tribunal poderá requirir en calquera momento dos aspirantes que acrediten a súa identidade.

6.7. Exclusión dos aspirantes.

En calquera momento do proceso selectivo, se os tribunais tivesen coñecemento de que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos exixidos por esta convocatoria, logo de audiencia do interesado, deberán propoñer a súa exclusión á Secretaría Xeral, poñendo no seu coñecemento as inexactitudes ou falsidades formuladas polo aspirante na solicitude de admisión aos procedementos selectivos, para os efectos procedentes.

Asemade, os tribunais teñen a facultade de poder excluír do procedemento selectivo a aqueles aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento durante a realización dos exercicios.

Contra a exclusión, o aspirante poderá interpoñer recurso de alzada perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

6.8. Todas as probas correspondentes ás especialidades de idiomas modernos desenvolveranse no idioma correspondente.

Base común 7. Sistema de selección.

7.1. Fase de concurso.

Nesta fase, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, valoraranse os méritos que concorran nos aspirantes ao remate do prazo de solicitudes sinalado no punto 7 da base 3, conforme o baremo que se inclúe como anexos I e II desta convocatoria, de acordo cos documentos presentados polos aspirantes, segundo participen pola quenda libre ou de reserva para funcionarios dos corpos e escalas docentes do grupo B en que se estrutura a función pública.

Esta valoración será efectuada en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o punto 3.2 do anexo II será valorado polos propios tribunais.

A puntuación, por epígrafes e por alíneas, comunicaráselles individualmente aos interesados e contra ela poderase presentar reclamación, no prazo de cinco días naturais contados desde o seguinte ao da súa notificación, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais, dirixida á Secretaría Xeral.

A puntuación definitiva, por epígrafes e por especialidades farase pública, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nas súas delegacións provinciais, unha vez iniciada a publicación das puntuacións da segunda proba do procedemento selectivo.

Contra esta puntuación poderá interpoñerse recurso de alzada, perante a Secretaría Xeral, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

A recuperación da documentación presentada poderán realizala os aspirantes no lugar e durante o prazo que se determine na orde pola que se faga pública a lista de aprobados polos distintos procedementos selectivos, agás a documentación necesaria para o seu nomeamento como funcionario, sempre e cando non se teña interposto recurso por parte dalgún aspirante, pois neste caso poderán ser retidas para efectos de comprobación ou proba. No suposto de non ser retirada no prazo sinalado, entenderase que o aspirante renuncia á súa recuperación, decaendo, polo tanto, no seu dereito.

7.2. Proba de acreditación de coñecemento do castelán para os aspirantes que non posúan a nacionalidade española.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e que da súa orixe non se deduza o coñecemento do castelán deberán acreditar o seu coñecemento mediante a realización dunha proba na cal se comprobará que posúen un nivel adecuado de comprensión e expresión oral e escrita esta lingua. Esta proba será a primeira que se vai realizar dentro do proceso selectivo.

Están exentos da realización da proba a que se refire o parágrafo anterior os que estean en posesión do diploma superior de español como lingua estranxeira, establecido polo Real decreto 826/1988, do 20 de xullo (BOE do 29 de xullo), modificado e completado polo Real decreto 1/1992, do 10 de xaneiro (BOE do 15 de xaneiro), ou en posesión do certificado de aptitude en español para estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas, ou licenciados en filoloxía hispánica ou románica, os que realizaran os seus estudos en España ou xa superaran esta proba en convocatorias anteriores.

O contido da proba de acreditación do coñecemento do castelán será determinado por cada tribunal, tomando como referencia o disposto no anexo III do Real decreto 826/1988, do 20 de xullo, polo que se establecen diplomas acreditativos do coñecemento do español como lingua estranxeira.

Os tribunais cualificarán esta proba de apto ou non apto e será necesario obter a valoración de apto para poder realizar as restantes probas.

7.3. Proba de coñecementos de lingua galega.

Esta proba, que se levará a cabo de forma escrita, consistirá na resposta a varias cuestións sobre o temario de lingua galega que figura no anexo VII e unha tradución do castelán para o galego. A dita proba, que lles será facilitada aos tribunais pola Secretaría Xeral, deberán realizala a totalidade de aspirantes que non estean exentos e será a segunda que se realizará dentro do proceso selectivo.

Terá carácter eliminatorio en todos os corpos e especialidades.

Quedan exentos da realización desta proba os aspirantes que superasen, con anterioridade ao peche do prazo de presentación de solicitudes, o curso de perfeccionamento en lingua galega ou conten coa súa validación, feita pola Secretaría Xeral de Política Lingüística ou órgano competente, os licenciados en filoloxía galego-portuguesa e os que superasen o curso de especialización en lingua galega e o xustifiquen no prazo de presentación de solicitudes e os que se presenten polas quendas establecidas no punto 2.4 e teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Non terán que realizar esta proba aqueles aspirantes que se presenten á especialidade de lingua galega e literatura.

O tempo para a realización da proba será dunha hora e non se poderá utilizar dicionario. A súa cualificación será apto ou non apto.

7.4. Da fase de oposición nos procedementos selectivos de ingreso libre e reserva de minusválidos.

7.4.1. A valoración das probas a que se refire este punto versará sobre os coñecementos específicos dos candidatos necesarios para impartir docencia, a súa aptitude pedagóxica e o seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente.

7.4.2. A valoración destes coñecementos levarase a cabo a través da realización polo aspirante ante o tribunal das seguintes probas:

Primeira.-Terá por obxecto a demostración do coñecementos específicos necesarios para impartir a docencia e constará de dúas partes que serán valoradas conxuntamente.

Primeira parte.-Incluirá unha proba práctica consistente na realización dunha serie de exercicios que se axustarán, para cada especialidade, ao disposto no anexo VI desta orde, e que permitan comprobar que os candidatos posúen unha formación científica e un dominio das técnicas de traballo precisas para impartir as materias ou módulos propios da especialidade a que opten. O tempo asignado para a realización desta proba será establecido polos tribunais ou polas comisións de selección.

Segunda parte.-Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo aspirante de entre dous extraídos ao chou polo tribunal dos correspondentes ao temario da especialidade.

Para o desenvolvemento desta segunda parte da proba os aspirantes disporán de dúas horas.

No caso de que a primeira parte se realice por escrito e se proceda á súa lectura conxunta coa segunda, a cualificación de cada parte realizarase por separado.

Os tribunais cualificarán esta proba de cero a dez puntos. Para o ingreso nas especialidades dos corpos de profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas, a primeira parte da proba valorarase de 0 a 6 puntos e a segunda de 0 a 4 puntos. Nas restantes especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, a primeria parte valorarase de 0 a 4 puntos e a segunda de 0 a 6 puntos. Para a superación desta proba os candidatos deberán obter unha puntuación de polo menos o 25% do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta proba, os tribunais exporán nos taboleiros de anuncios dos locais onde se realizou as puntuacións obtidas polos aspirantes que a superasen.

Segunda.-A segunda proba, que terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica do aspirante e o seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente, consistirá na presentación dunha programación didáctica e na elaboración e na exposición oral dunha unidade didáctica.

a) A programación didáctica fará referencia ao currículo dunha materia ou módulo relacionado coa especialidade pola que se participa, na cal deberán especificarse, como mínimo, os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía, así como á atención ao alumnado con necesidades educativas específicas.

No caso do corpo de profesores de música e artes escénicas, a programación referirase unicamente á sección primeira do temario.

Os contidos da programación, que necesariamente serán os correspondentes ao desenvolvemento do currículo dunha asignatura común, especifica ou de modalidade ou ensinanza, para un ano académico, elixido polo candidato, deberán organizarse en unidades didácticas de tal maneira que cada unha delas poida desenvolverse completamente no tempo asignado para a súa exposición; en calquera caso, a programación para un curso escolar deberá conter, como mínimo, 15 unidades didácticas, que deberán estar numeradas, e terá, sen incluír anexos, unha extensión máxima de 60 folios, formato DIN A-4, escritos por unha soa cara, a dobre espazo, cunha letra tipo Arial, tamaño 12 puntos.

As programacións versarán sobre os currículos publicados no *Diario Oficial de Galicia* no momento da publicación da presente orde ou, de selo caso, os aplicables na comunidade autónoma.

Nas especialidades de idiomas modernos, nos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de escolas oficiais de idiomas, a programación redactarase integramente no idioma correspondente.

A programación elaborada polos aspirantes deberá presentárselle ao tribunal, por aqueles que superen a primeira proba, no centro no que estean actuando, no prazo que o tribunal estableza ao publicar as cualificacións dos que superaron a primeira proba.

b) A elaboración ante o tribunal e exposición oral ante el dunha unidade didáctica que poderá estar relacionada coa programación presentada polo aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade, a opción do candidato. No caso do corpo de profesores de música e artes escénicas, a unidade didáctica refirirase unicamente á sección primeira deste temario.

No primeiro caso, o aspirante elixirá o contido da unidade didáctica de entre tres extraídas ao chou por el mesmo, da súa propia programación. No segundo caso, o aspirante elixirá o contido da unidade didáctica dun tema de entre tres extraídos ao chou por el mesmo, do temario oficial da especialidade. Na elaboración da citada unidade didáctica deberán concretarse os obxectivos de aprendizaxe que se persiguen con ela, os seus contidos, as actividades de ensinanza e aprendizaxe que se van formular na aula e os seus procedementos de avaliación.

O aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica e poderá utilizar o material que considere oportuno.

Para a exposición da unidade didáctica, o aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá achegar el mesmo, así como un guión que non excederá un folio e que se lle entregará ao tribunal ao remate daquela.

O opositor disporá dun tempo máximo dunha hora e media para a defensa oral da programación, a exposición da unidade didáctica e posterior debate ante o tribunal.

O aspirante iniciará a súa exposición coa defensa da programación didáctica presentada, que non poderá exceder trinta minutos, e a continuación realizará a exposición da unidade didáctica. A duración do debate non poderá exceder quince minutos.

Esta segunda proba valorarase globalmente de cero a dez puntos e o aspirante deberá conseguir, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Todos os tribunais publicarán diariamente a cualificación acadada polos aspirantes que actuarán ante eles ese día.

7.5. Rematada esta proba, os tribunais facilitaranlle á comisión de selección os resultados obtidos polos aspirantes que superaron todas as probas, co fin de que esta proceda á obtención da cualificación correspondente á fase de oposición.

7.5.1 A cualificación correspondente a esta fase de oposición será a media aritmética das puntuacións obtidas nas probas integrantes cando todas elas fosen superadas.

A puntuación obtida na fase de concurso sumaráselles unicamente a aqueles aspirantes que superasen as probas correspondentes á fase de oposición, coa finalidade de obter a puntuación global a que se refire o punto 2 da base 9 desta orde.

7.6. Fase de oposición nos procedementos selectivos de acceso a corpos de grupo superior.

A proba constará de dúas partes:

Primeira parte.-De contido de carácter práctico e que se axustará ao disposto no anexo VI desta orde. O tempo asignado para a realización desta proba será establecido polos tribunais.

Segunda parte.-A proba terá por obxecto valorar tanto os coñecementos sobre a materia como os recursos didácticos e pedagóxicos dos candidatos. Esta proba consistirá na exposición, á cal seguirá, se é o caso, un debate, ambos orais, dun tema da especialidade a que se opte, elixido polo opositor entre seis, extraídos por sorteo, de entre os que compoñen o temario da súa especialidade.

A exposición terá dúas partes. A primeira delas versará sobre os aspectos científicos do tema. Na segunda, o aspirante deberá facer referencia á relación do tema co currículo establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como ao seu tratamento didáctico.

O tratamento didáctico consistirá na programación didáctica do tema elixido, ou dunha unidade didáctica extraída del, indicando, en calquera caso, os obxectivos, contidos, actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación, así como os recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

Con esta finalidade o aspirante poderá elixir o curso da educación secundaria obrigatoria ou do bacharelato sobre o que realizará ese suposto didáctico.

O candidato disporá de dúas horas para a súa preparación e poderá utilizar o material que considere oportuno. A exposición e a proposta didáctica terán unha duración máxima dunha hora. A duración máxima do debate será, se é o caso, de quince minutos.

7.7. En cada unha das probas da fase de oposición, se se trata do procedemento de ingreso libre, ou na proba de valoración de coñecementos, se se trata dos procedementos de acceso, a puntuación de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións de todos os membros presentes do tribunal, con aproximación ata as dez milésimas, para evitar na medida do posible os empates. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

7.8. Os temarios correspondentes que rexerán para a realización das probas a que se refiren os puntos 7.4, 7.5 e 7.6 serán os indicados no anexo III desta orde, referidos exclusivamente á parte A, quedando sen vixencia para a súa aplicación a este procedemento selectivo o disposto en canto á parte B nas ordes que se mencionan e nas súas modificacións posteriores, conforme establece a disposición transitoria segunda do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro.

7.9. Naquelas probas que non consistan nunha exposición oral ante o tribunal, os candidatos lerán os exercicios en sesión pública ante o tribunal, agás naqueles casos nos que pola natureza dos exercicios os tribunais dispoñan outra cousa.

7.10. Naquelas probas escritas en que non se requira a exposición oral polo candidato ou lectura ante o tribunal, deberá garantirse o anonimato dos aspirantes.

7.11. Conforme determina o Real decreto 182/1993, do 5 de febreiro (BOE do 23 de febreiro), os aspirantes que teñan a condición de funcionarios de organismos internacionais e posúan a nacionalidade española, quedarán exentos da realización daquelas probas que a Comisión Permanente de Homologación, que se crea no mencionado real decreto, considere que teñen por obxecto acreditar coñecementos xa exixidos para o desempeño dos seus postos de orixe no organismo internacional correspondente.

Con esa finalidade, a certificación de homologación prevista no artigo 7 do Real decreto 182/1993, terá que presentárselle, xunto coa solicitude pola que o aspirante solicita tomar parte no proceso selectivo e, con carácter excepcional, ao tribunal a que corresponda xulgar os méritos e capacidade de todos os aspirantes, con antelación á realización das correspondentes probas. Nos exercicios dos cales se eximen os aspirantes, outorgaráselles a cualificación mínima exixida na convocatoria para a súa superación.

Os interesados poderán renunciar a esta cualificación e participar nas probas das cales foron eximidos en igualdade de condicións que o resto dos aspirantes da quenda libre. Tal renuncia efectuarase con anterioridade ao inicio das probas selectivas.

Base común 8. Forma de cubrir as prazas de reserva.

Cada comisión de selección, para os efectos de cubrir as prazas obxecto desta convocatoria polo proceso selectivo libre e as súas reservas, axustarase ás seguintes normas:

a) Se houbese un número suficiente de aspirantes que cumpran os requisitos mínimos para aprobar, entre os aspirantes que concorran ás prazas reservadas, a totalidade destas prazas adxudicaránselles a estes opositores, calquera que sexa a súa puntuación.

b) Aqueles opositores que concorran ás prazas reservadas para minusválidos e que, reunindo os requisitos mínimos para aprobar, excedan o número de prazas asignadas ao tribunal para esta reserva, concorrerán á formación da lista de aprobados do tribunal en igualdade de condicións que os das prazas libres segundo a súa puntuación e tal e como se determina na base común 9.

c) No caso de que existisen prazas de calquera das reservas que non puidesen ser cubertas por non existir un número suficiente de aspirantes con puntuación mínima requirida, estas non se acumularán ás libres.

Base común 9. Superación do procedemento selectivo.

9.1. Seleccionados polos procedementos de acceso a corpos docentes de grupo superior.

a) Resultarán seleccionados aqueles candidatos que, obtendo un mínimo de catro puntos na proba e ao seren ordenados segundo a suma das puntuacións alcanzadas no concurso e na proba, obteñan un número de orde igual ou inferior ao número de prazas asignadas ao procedemento por que participan.

b) Os posibles empates resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios.

1. Maior puntuación na proba.

2. Maior puntuación en cada unha das alíneas do baremo de méritos, pola orde que aparecen nesta convocatoria .

3. Maior puntuación en cada unha das subalíneas do baremo, pola orde que aparecen nesta convocatoria.

4. De persitir o empate, o desempate dirimirase a través da realización dunha proba por escrito sobre cuestións breves referentes ao temario da especialidade. Os aspirantes serán convocados para esta proba polo tribunal cunha antelación mínima de 48 horas.

9.2. Seleccionados pola quenda libre e quenda de reserva de minusválidos.

a) Superarán estes procedementos aqueles aspirantes aos cales, ordenados segundo a puntuación global asignada de conformidade co disposto no artigo 25 do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, lles corresponda un número de orde igual ou inferior ao número de prazas asignadas ao tribunal ou comisión de selección correspondente.

Para a obtención da puntuación global, o tribunal ponderará en dous terzos a puntuación obtida na fase de oposición a que se refire o punto 4 da base 7 desta orde e nun terzo a puntuación obtida na fase de concurso, resultando a puntuación global da suma de ambas as fases unha vez realizadas as ponderacións mencionadas.

b) Os posibles empates resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

1. Maior puntuación na fase de oposición.

2. Maior puntuación en cada un dos exercicios da oposición, pola orde en que estes se realizaron.

3. Maior puntuación nas epígrafes do baremo de méritos pola orde en que estes aparecen na convocatoria.

4. Maior puntuación nas subepígrafes do baremo, pola orde en que estes aparecen na convocatoria.

5. No caso de que persista o empate, este dirimirase a través da realización dunha proba escrita sobre cuestións breves referentes ao temario da especialidade. Esta proba será elaborada e avaliada pola comisión de selección. Os aspirantes serán convocados para esta proba pola Comisión de Selección, cunha antelación mínima de 48 horas.

9.3. Orde da relación.

As comisións de selección e, se é o caso, os tribunais confeccionarán a correspondente relación de aspirantes que superasen as probas ata o número de prazas que lles foron asignadas, figurando en primeiro lugar os aspirantes aprobados pola quenda de acceso desde corpos de distinto grupo e, en segundo lugar, os ingresados pola quenda libre. Dentro de cada un destes grupos os aspirantes seleccionados ordenaranse de acordo co establecido nas bases anteriores.

Esta relación farase pública no taboleiro de anuncios do local ou locais en que teñen lugar as probas.

Contra estas listas poderán os interesados interpoñer, de conformidade co disposto nos artigos 107 e 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada ante o secretario xeral.

9.4. En ningún caso as comisións de selección e, se é o caso, os tribunais poderán aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas asignadas a cada tribunal. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido neste punto será nula de pleno dereito.

9.5. Formulación de opcións en determinados supostos polos aspirantes que superen os procedementos selectivos.

Os aspirantes que superen as probas por dúas ou máis especialidades do mesmo corpo ou prazas de distinto corpo dentro desta convocatoria, deberán optar por unha das prazas, no prazo de dez días contados a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da lista de opositores aprobados, e poderán solicitar prórroga para a realización do período de prácticas noutro corpo ou nas outras prazas.

De conformidade co disposto no artigo 30 do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, estes aspirantes quedarán exentos da realización da fase de prácticas na especialidade en que non as realicen cando acrediten ter prestado, polo menos, un curso escolar como funcionarios docentes de carreira.

Os aspirantes que por convocatorias realizadas por outras administracións educativas superen o procedemento selectivo por dous ou máis corpos ou por dúas ou máis especialidades do mesmo corpo, deberán exercer a opción por unha das prazas, podendo solicitar prórroga para a realización do período de prácticas na outra ou nas outras prazas.

Os aspirantes que por convocatorias realizadas por outras administracións educativas superen, no mesmo corpo e disciplina, os procedementos selectivos convocados por esta consellería e polo Ministerio de Educación e Ciencia ou outra comunidade autónoma con competencias en materia educativa, deberán optar por unha delas renunciando a todos os dereitos que puidesen corresponderlles pola súa participación nas restantes. De non realizarse esta opción, a aceptación do primeiro nomeamento entenderase como renuncia tácita aos restantes. Os interesados deberán presentar instancia neste sentido dirixida á Secretaría Xeral, xunto coa copia da opción ou renuncia a outra praza, no prazo de dez días, contados a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da lista de aspirantes aprobados.

9.6. Publicación da lista de aprobados.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará no *Diario Oficial de Galicia* as listas únicas de aprobados por corpos e especialidades, segundo se detalla nos puntos anteriores.

9.7. A exclusión do procedemento selectivo, a exención da fase de prácticas, a obtención de prórroga para a realización desas ou a renuncia aos dereitos derivados do procedemento selectivo, non suporá modificación nas prazas asignadas ao resto de aspirantes.

Base común 10. Presentación de documentos.

10.1. No prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte a aquel en que se fagan públicas as listas de aprobados no *Diario Oficial de Galicia*, os aspirantes aprobados deberán presentar perante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso no correspondente corpo ou certificación académica que acredite que realizaron todos os estudos para a obtención do título, xunto coa fotocopia compulsada do recibo acreditativo conforme se efectuou o pagamento correspondente dos dereitos de expedición, agás se calquera dos dous documentos fose presentado para a súa valoración como mérito. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentarse a credencial da súa homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión de profesor de educación secundaria, de profesor de escola oficial de idiomas, de profesor técnico de formación profesional ou de profesor de música e artes escénicas.

Aqueles aspirantes que lles sexa de aplicación a disposición transitoria segunda do Real decreto 777/1998, do 30 de abril, deberán acreditar a súa experiencia docente durante polo menos dous anos en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A acreditación realizarase conforme o previsto no punto I do anexo I desta orde, agás que xa fose presentada como mérito.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio da docencia.

Os aspirantes que fixesen valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificación dos órganos competentes da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais que acredite tal condición, e tamén terán que presentar certificado dos citados órganos ou da Administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

c) Declaración xurada ou promesa de que non foron separados mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública e de non estar inhabilitados para o exercicio de funcións públicas, conforme o modelo que figura como anexo IV a esta convocatoria.

Igualmente, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública, segundo o mesmo modelo do anexo IV.

d) Título de especialización didáctica, certificado de aptitude pedagóxica ou, se é o caso, documentación xustificativa que acredite a dispensa deste requisito, conforme o previsto no Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, polo que se regula o título de especialización didáctica.

Cando se alegue, en substitución do certificado de aptitude pedagóxica, experiencia docente previa durante dous cursos académicos ou durante doce meses exercidos en períodos descontinuos, acreditarase:

-Se se trata dun centro público, mediante certificación, na cal conste a data de inicio e fin, expedida polo secretario do centro, co visto e prace do director e o contrato expedido polo organismo correspondente.

-Se se trata dun centro privado dos mencionados no punto 2.2.1 b) desta convocatoria, mediante certificación, na que conste a data de inicio e fin, expedida polo director do centro, co visto e prace dos servizos de Inspección Educativa correspondente.

10.2. Excepcións.

Os que teñan a condición de funcionarios públicos de carreira e estean en situación de servizo activo estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento, deberán presentar, en tal caso, unha certificación ou folla de servizos do organismo de que dependan, na que se consignen de forma expresa os seguintes datos:

a) Corpo a que pertencen, número de rexistro persoal e se están en servizo activo.

b) Lugar e data de nacemento.

c) Título académico que posúen e data de expedición.

d) Se superaron as probas para acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, certificado de aptitude pedagóxica ou certificado acreditativo de ter exercido docencia, durante dous cursos académicos como profesor en plenitude de funcións a nivel de ensinanzas secundarias, nalgún dos centros que se citan na correspondente base específica, ou documento acreditativo de estar en posesión da titulación de profesor de educación xeral básica ou da licenciatura universitaria na especialidade de pedagoxía.

Cando as certificacións ou follas de servizos se refiran a funcionarios que superaron o proceso selectivo polos procedementos de acceso a corpos docentes clasificados no mesmo grupo e nivel de complemento de destino ou a outro corpo docente de grupo superior, recollerán expresamente que reúnen todos os requisitos exixidos.

Se nas certificacións non se poden facer constar os datos sinalados nas alíneas c) e d), por non estaren nos expedientes persoais dos interesados, estes deberán remitir separadamente os documentos que os acrediten.

10.3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados nas bases anteriores, poderá acreditarse que se reúnen as condicións exixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

10.4. Os que, dentro do prazo fixado e salvo os casos de forza maior, non presenten a documentación ou se do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos xerais establecidos na base común 2, non poderán ser nomeados funcionarios en prácticas nin funcionarios de carreira, e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

Base común 11. Nomeamento de funcionarios en prácticas.

11.1. Aspirantes en expectativa de ingreso.

Quen supere o proceso selectivo e non poida ser nomeado funcionario en prácticas por non existiren prazas vacantes, terá a consideración de aspirante en expectativa de ingreso ata que aquelas se produzan.

Os aspirantes que, obtendo a puntuación mínima exixida para superar o proceso selectivo, non se encontren incluídos nas propostas dos tribunais como aprobados dentro do número de prazas ofertadas na convocatoria, non serán considerados en expectativa de ingreso nin poderán alegar ningún dereito.

11.2. Destino provisorio e nomeamento de funcionarios en prácticas.

Os aspirantes que superen o procedemento selectivo quedan obrigados a incorporarse aos destinos que a Secretaría Xeral lles adxudique para a realización da fase de prácticas. No caso de non incorporarse aos citados destinos no prazo que se estableza, entenderase que renuncian ao proceso selectivo.

Se se incorporan e reúnen as condicións requiridas para o ingreso no corpo respectivo, serán nomeados funcionarios en prácticas.

A toma de posesión como funcionario en prácticas será con efectividade da data que se determine para o comezo do curso.

Coa finalidade da adxudicación de destino de carácter provisorio para a realización do período de prácticas, os aspirantes que superen o procedemento selectivo deberán efectuar a solicitude, conforme o sistema previamente publicado no *Diario Oficial de Galicia* por resolución da Secretaría Xeral, no prazo de cinco días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación da lista de aprobados polos tribunais cualificadores no centro onde se realizaron as probas e na páxina web da Consellería de Educación.

11.3. Destino definitivo.

Os aspirantes que superen o proceso selectivo deberán obter o seu primeiro destino definitivo nun dos centros directamente xestionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, estando obrigados para estes efectos a participar nos sucesivos concursos ordinarios de traslados que se convoquen, na forma que determinen as correspondentes convocatorias.

11.4. Opción dos aspirantes que superaron o proceso selectivo e están exentos da fase de prácticas.

Os aspirantes seleccionados que estean exentos da realización da fase de prácticas ao teren accedido por algún dos procedementos a que se alude nos puntos 2.4 desta convocatoria, e aqueles que acrediten ter prestado servizos, polo menos, durante un curso escolar, como funcionarios de carreira poderán, non obstante, optar por seren nomeados funcionarios en prácticas incorporándose ao destino obtido, estarán exentos da súa avaliación e permanecerán nesta situación ata o seu nomeamento como funcionarios de carreira. Os aspirantes a que se refire este parágrafo, que non opten por ser nomeados funcionarios en prácticas, permanecerán nos seus corpos de orixe ata que sexan nomeados funcionarios de carreira xunto co resto dos seleccionados da súa promoción.

11.5. Non obstante o disposto no punto anterior, os funcionarios que superen o proceso selectivo pola reserva establecida no punto 2.4 desta convocatoria e estean ocupando, con carácter definitivo, nun centro dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, praza do corpo e especialidade a que accede, poderán optar por permanecer na praza que ocupan con carácter definitivo, unha vez que sexan nomeados funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario.

11.6. Réxime xurídico-administrativo dos aspirantes nomeados funcionarios en prácticas.

Desde o nomeamento de funcionarios en prácticas ata o nomeamento como funcionarios de carreira, o réxime xurídico-administrativo dos opositores será o de funcionario en prácticas, sempre que estean desempeñando un posto docente. En todo caso, a súa incorporación á realización das prácticas producirase con ocasión de vacante.

11.7. Aprazamento da fase de prácticas.

A Secretaría Xeral poderá, por causa xustificada e por petición do interesado, conceder o aprazamento da fase de prácticas.

11.8. Opción da remuneración dos funcionarios en prácticas.

Os aspirantes que superaron a fase do proceso selectivo e que xa estean prestando servizos remunerados na Administración como funcionarios de carreira, interinos, contratados administrativos ou como persoal laboral, sen prexuízo da situación administrativa ou laboral que de acordo coa normativa vixente lles corresponda, deberán formular opción pola percepción das remuneracións durante a súa condición de funcionarios en prácticas, de conformidade co previsto no Real decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6 de marzo), modificado polo Real decreto 213/2003, do 21 de febreiro (BOE do 1 de marzo).

Base común 12. Fase de prácticas.

12.1. Obxecto e duración da fase de prácticas.

As prácticas terán por obxecto a valoración das aptitudes didácticas dos aspirantes que aprobaron a fase de oposición, e serán tuteladas pola xefatura do departamento ou, no seu defecto, pola xefatura de estudos.

Realizaranse nos destinos provisorios que lles correspondan co desempeño de función docente con plena validez académica.

A súa duración será de seis meses.

12.2. Constitución das comisións cualificadoras.

En cada delegación provincial constituirase unha comisión cualificadora integrada por: o inspector xefe, que actuará como presidente; dous inspectores de educación e dous directores de centros designados polo delegado provincial.

12.3. Funcións do titor.

As funcións do profesor-titor consistirán en asesorar, informar e avaliar, tal como se indica no punto seguinte, ao funcionario en prácticas, sobre a organización e funcionamento do centro e dos seus órganos de goberno, de participación e de coordenación didáctica, sobre a programación didáctica da materia, así como o proxecto educativo do centro. Ao final do período de prácticas, o profesor-titor emitirá un informe sobre todos os datos que considere de interese e remitirao á comisión cualificadora.

Os profesores que tutelen as prácticas dos aspirantes seleccionados nos concursos-oposición de ingreso aos corpos docentes terán un recoñecemento de 40 horas de formación pola función desenvolvida cun máximo de sesenta horas por sexenio.

12.4. Actividades de inserción e formación.

As actividades de inserción no posto de traballo consistirán no desenvolvemento de actividades tuteladas polo profesor-titor en relación á programación da aula e a avaliación dos alumnos, así como na información sobre o funcionamento dos órganos de goberno, de participación da comunidade educativa e de coordinación didáctica, con especial atención á titoría de alumnos.

As actividades de formación serán programadas polo Servizo de Formación do Profesorado, a través dos centros de Formación e Recursos, ben como actividades específicas para os aspirantes, ben dentro da oferta xeral de formación. Versarán sobre temas de contido educativo xeral, como elaboración do proxecto educativo, avaliación, titoría e medidas de atención á diversidade e, se é o caso, sobre a didáctica das materias ou módulos profesionais da especialidade do aspirante. A súa duración non será inferior a vinte horas. O desenvolvemento destas actividades será informado polos responsables da actividade se se trata dunha oferta específica, ou mediante o certificado correspondente se se trata de actividades incluídas na oferta xeral.

12.5. Avaliación dos profesores en prácticas.

Os aspirantes elaborarán un informe-memoria final no cal farán unha valoración global da súa actividade, así como das dificultades encontradas e dos apoios recibidos. Este informe seralle entregado ao remate da fase de prácticas á comisión cualificadora.

A avaliación dos aspirantes será efectuada pola comisión cualificadora a partir dos informes emitidos polo profesor-titor, o director do centro, os responsables das actividades de formación e, se é o caso, o inspector responsable do centro e do informe presentado polo propio aspirante.

O presidente da comisión cualificadora, no caso de que o considere necesario, disporá que o inspector de educación do centro no que presta servizos o funcionario que está realizando as prácticas, visite dito centro e avalíe na aula as súas aptitudes didácticas como docente. O informe do inspector engadirase aos do director e profesor-titor para que, xunto co informe-memoria final realizado polo funcionario en prácticas, sirvan para a avaliación que debe facer la comisión cualificadora.

12.6. A comisión cualificadora trasladaralle ao secretario xeral a relación de funcionarios en prácticas coa cualificación obtida.

12.7. As prácticas cualificaranse como apto ou non apto.

12.8. Os aspirantes cualificados de non aptos na fase de prácticas poderán repetila, incorporándose no curso seguinte cos seleccionados da seguinte promoción, ocupando, nesta promoción, o número de orde seguinte ao do último seleccionado na súa especialidade. No caso de que non houbese convocatoria do seu corpo e especialidade efectuarán igualmente as prácticas no curso seguinte. Os que non se incorporen ou sexan declarados non aptos por segunda vez perderán todos os dereitos ao seu nomeamento como funcionarios de carreira.

Base común 13. Nomeamento de funcionarios de carreira.

Rematada a fase de prácticas, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aprobará o expediente do proceso selectivo e elevará a correspondente proposta de nomeamento como funcionarios de carreira dos corpos correspondentes ao Ministerio de Educación e Ciencia.

## TÍTULO II
## Procedemento de adquisición de especialidades

Convócase procedemento para que os funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas poidan adquirir nova especialidade, de conformidade co establecido nas seguintes bases:

Base común 14. Normas xerais.

As especialidades que poderán adquirirse nos corpos citados anteriormente, mediante o procedemento regulado neste título, serán as mesmas que as convocadas para o procedemento de ingreso libre e, ademais, as de psicoloxía e pedagoxía e economía no corpo de profesores de ensino secundario.

A estes procedementos seranlles de aplicación as disposicións establecidas no punto 1.2. desta orde, así como as restantes bases do título I que non se opoñan ao disposto neste título.

Base común 15. Requisitos dos candidatos.

Para poderen participar neste procedemento, os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser funcionario de carreira do corpo correspondente, con destino no ámbito de xestión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Reunir os requisitos que se exixen para o ingreso libre na especialidade que se pretenda adquirir.

Base común 16. Solicitudes e pagamento dos dereitos.

As solicitudes e pagamento dos dereitos formularanse conforme o establecido na base común 3 desta convocatoria.

Base común 17. Órganos de selección.

Os órganos de selección para este procedemento serán aqueles a que se refire a base 5 desta convocatoria e exercerán respecto deste procedemento as mesmas funcións que se enumeran na mencionada base.

Base común 18. Comezo e desenvolvemento das probas.

O comezo e desenvolvemento das probas realizarase de conformidade co disposto na base 6 desta convocatoria.

Base común 19. Sistema de selección.

19.1. Para os corpos de profesores de ensino secundario e profesores de escolas oficiais de idiomas:

a) Para todas as especialidades.

A proba terá por obxecto valorar tanto os coñecementos sobre a materia como os recursos didácticos e pedagóxicos dos candidatos. Esta proba consistirá na exposición, á cal seguirá, se é o caso, un debate, ambos orais, dun tema da especialidade á que se opte, elixido polo opositor entre catro, extraídos por sorteo, de entre os que compoñen a parte A do temario da súa especialidade.

A exposición terá dúas partes. A primeira delas versará sobre os aspectos científicos do tema. Na segunda, o aspirante deberá facer referencia á relación do tema co currículo establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria así como o seu tratamento didáctico.

O tratamento didáctico consistirá na programación didáctica do tema elixido, ou dunha unidade didáctica extraída del, indicando, en calquera caso, os obxectivos, contidos, actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación, así como os recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

Con esta finalidade o aspirante poderá elixir o curso da educación secundaria obrigatoria ou do bacharelato sobre o cal realizará ese suposto didáctico. Para as escolas oficiais de idiomas elixirase un curso do ciclo elemental ou superior.

O candidato disporá de dúas horas para a súa preparación, e poderá utilizar o material que considere oportuno. A exposición e a proposta didáctica terán unha duración máxima dunha hora. A duración máxima do debate será, se é o caso, de quince minutos.

b) Para os corpos de profesores de música e artes escénicas, a proba constará de dúas partes:

Primeira parte: de contido de carácter práctico e que se axustará, para cada especialidade, ao disposto no anexo VI desta orde. O tempo asignado para a realización desta proba será establecido polos tribunais.

Segunda parte: será a establecida na alínea a) desta base 19.1.

19.2. Os tribunais cualificarán a proba a que se refire o punto anterior de apto ou non apto e obterán a nova especialidade unicamente os cualificados con apto.

19.3. Unha vez verificado polo órgano convocante que os aspirantes que obtiveron a cualificación de apto reúnen os requisitos exixidos na base 15 desta convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará no *Diario Oficial de Galicia* a orde pola que se declaran aptos os aspirantes, coa indicación da nova especialidade adquirida.

19.4. Os que adquiran unha nova especialidade por este procedemento estarán exentos da fase de prácticas.

19.5. A adquisición dunha nova especialidade non supón a perda da anterior ou anteriores que se puidesen posuír. Os que teñan adquirida máis dunha especialidade poderán acceder a prazas correspondentes a calquera delas a través dos mecanismos establecidos para a provisión de postos de traballo dos funcionarios docentes, de conformidade co disposto no artigo 41 do Real decreto 1701/1991, do 29 de novembro, polo que se establecen as especialidades do corpo de profesores de ensino secundario; adscríbense a elas os profesores correspondentes ao dito corpo e determínanse as áreas e materias que deberá impartir o profesorado respectivo. Os que adquiran unha nova especialidade por este procedemento terán preferencia, por unha soa vez, con ocasión de vacante, para seren adscritos a prazas da nova especialidade adquirida no centro en que tivesen destino definitivo, de conformidade co establecido no artigo 4 do Real decreto 1701/1991, do 29 de novembro, segundo a redacción dada pola disposición adicional cuarta do Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

*ANEXO I*

Baremo para a valoración de méritos: sistema xeral de acceso.

| Méritos | Puntos | Documentos xustificativos |
|---|---|---|
| I. Experiencia docente (máximo 5 puntos) | | |
| 1.1. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo ao que opta o aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas. | 1,000 | Certificación do secretario do centro co visto e prace do director, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia compulsada deles na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade. |
| 1.2. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos ao que opta o aspirante, en centros públicos dependentes de administracións educativas. | 0,500 | Certificación do secretario do centro co visto e prace do director, no que debe constar a data de toma de posesión e cesamento e a especialidade así como os documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia compulsada deles, na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade. |
| 1.3. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel educativo ao que corresponde a especialidade á que opta o aspirantes noutros centros. | 0,500 | Certificación do director do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na que conste a data de toma de posesión e cesamento e a especialidade. |
| 1.4. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel educativo ao que corresponda a especialidade á que opta o aspirante, noutros centros. | 0,250 | Certificación do director do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na que conste data de toma de posesión e cesamento e a especialidade. |
| *Enténdese por centros públicos os centros integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas administracións educativas.<br>Patra efectos deste punto terase en conta un máximo de cinco anos, cada un dos cales deberá ser avaliado nunha soa das subepígrafes anteriores. | | |
| II. Formación académica (máximo 3 puntos): | | |
| 2.1. Expediente académico no título alegado sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación exixido con carácter xeral para ingreso no corpo; valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico, do modo que a continuación se indica: | | Certificación académica persoal orixinal ou fotocopia cotexada, na que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos exixidos para a obtención do título alegado. |
| Desde 6,00 e ata 7,50 | 1,000 | |
| Desde 7,51 e ata 10 | 1,500 | |
| 2.2. Doutoramento e premios extraordinarios: | | |
| 2.2.1. Por posuír o título de doutor (na titulación alegada para ingreso no corpo) | 1,000 | Certificación académica ou fotocopia cotexada do título de doutor ou, se é o caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). |
| 2.2.2. Por obter premio extraordinario no doutoramento | 0,500 | Documento xustificativo. |
| 2.2.3. Por obter premio extraordinario na titulación alegada para ingreso no corpo | 0,500 | Documento xustificativo. |
| 2.3. Outras titulacións universitarias de carácter oficial: | | |
| 2.3.1. Titulacións de primeiro ciclo; por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría. No caso de aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo B, non se valorará por este punto, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que presente o aspirante.<br>No caso de aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A, non se valorarán por este punto, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fose necesario superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que presente o aspirante. | 1,000 | Certificación académica ou fotocopia cotexada do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do aboamento dos dereitos de expedición conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación. |

| Méritos | Puntos | Documentos xustificativos |
|---|---|---|
| 2.3.2. Titulacións de segundo ciclo; polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes.<br>No caso de aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A, non se valorarán por este punto, en ningún caso, os estudos que fose necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, se é o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que presente o aspirante. | 1,000 | Certificación académica ou fotocopia cotexada do título alegado para ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do aboamento dos dereitos de expedición conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). |
| 2.4. Por titulacións de ensino de réxime especial e de formación profesional específica. | | |
| As titulacións das ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e escolas de arte, así como as da formación profesional específica, caso de non ter sido as alegadas como requisito para ingreso na función pública docente, ou, se é o caso, non fosen necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:<br>a) Por cada título de música e danza: grao medio:<br>b) Por cada certificado de aptitude de escolas oficiais de idiomas:<br>c) Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño<br>d) Por cada título de técnico superior de formación profesional | <br><br><br><br><br><br>0,500<br>0,500<br>0,200<br>0,200 | Certificación académica ou fotocopia cotexada do título alegado para ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do aboamento dos dereitos de expedición conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). |
| III. Outros méritos (máximo dous puntos) | | |
| 3.1. Por cursos superados, relacionados co ensino, organizados polas administracións educativas que se atopen no pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas anteditas administracións, así como os organizados polas universidades: puntuarase 0,10 puntos por cada 10 horas de curso. Para estes efectos sumaranse as horas de todos os cursos, non puntuándose o resto do número de horas inferiores a 10. | Ata 1,500 | Certificado deles no que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación. |
| 3.2. Por outras actividades de formación ou perfeccionamento | Ata 0,5000 | Certificado deles. |
| 3.3. Exclusivamente para os corpos de música e artes escénicas e de artes plásticas e deseño:<br>Méritos artísticos relacionados coa especialidade á que aspire.<br>-Por composicións estreadas, concertos como solistas, obra literaria publicada, montaxes teatrais estreadas, interpretacións escénicas estreadas, escenografía e/ou figurinos de obras estreadas.<br>-Por premios en exposicións, festivais e en concurso de ámbito nacional e internacional. | Ata 2 puntos | Orixinal e fotocopia compulsada de programas, exemplares, críticas, publicacións, etc. |

Disposicións complementarias.

Primeira.-Unicamente serán baremados aqueles méritos perfeccionados ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segunda.-Para os efectos do punto dous non se poderán acumular as puntuacións cando os servizos fosen prestados simultaneamente en máis dun centro docente.

Os servizos prestados no estranxeiro acreditaranse mediante certificados expedidos polos ministerios de Educación dos respectivos países, no que deberán constar o tempo de prestación de servizos e o carácter de centro público ou privado, o nivel educativo e a materia impartida. Cando non se acredite a materia impartida ou esta non coincida con algunha das especialidades obxecto desta convocatoria, os servizos entenderanse prestados en distinta especialidade á que se opta, segundo corresponda. Os ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán.

Terceira.-Nas seguintes epígrafes, por cada mes súmanse as seguintes puntuacións: na epígrafe 1.1, 0,083 puntos; na epígrafe 1.2, 0,041 puntos; na epígrafe 1.3, 0,041 puntos; na epígrafe 1.4, 0,020 puntos.

Cuarta.-Para a obtención da nota media do expediente académico nos casos en que non figure a expresión numérica completa aplicaranse as seguintes equivalencias, con independencia da convocatoria na que se obtivesen:

-Aprobado: cinco puntos.-Notable: sete puntos.-Sobresaliente: nove puntos.-Matrícula de honra: dez puntos.

Aquelas cualificacións que conteñan a expresión literal «ben» consideraranse equivalentes a seis puntos. Non se terán en conta as validadas ou «apto».

En ningún caso se tomarán en consideración na nota media as cualificacións correspondentes a proxectos fin de carreira, teses de licenciatura ou análogas.

No caso de que non se remita a certificación académica persoal e, no seu defecto, se presente fotocopia compulsada do título ou da certificación do aboamento dos dereitos de expedición, conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo), considerarase que o aspirante obtivo a nota media de aprobado.

Quinta.-En ningún caso serán valorados polo punto 3.1 aqueles cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.

Sexta.-Non se valorará o curso de aptitude pedagóxica.

Sétima.-De conformidade co artigo 6 da Orde do 11 de novembro de 1998, as equivalencias entre distintos cursos e probas de lingua galega terán a mesma consideración legal que os cursos presenciais de iniciación e perfeccionamento.

## *ANEXO II*

Baremo para a valoración de méritos para o acceso aos corpos do grupo A desde corpos do grupo B.

| Méritos | Puntos | Documentos xustificativos |
|---|---|---|
| I. Traballo desenvolvido: | | |
| 1.1. Por cada ano como funcionario de carreira do corpo desde o que se aspira ao acceso que exceda dos seis exixidos como requisito | 0,500 | Folla de servizos certificada pola delegación provincial. |
| * Por esta subepígrafe (1.1.) non poderán obter máis de 4,000 puntos. | | |
| 1.2. Desenvolvemento de funcións específicas: | | |
| a) Por cada ano de exercicio na función inspectora | 0,300 | Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración real do cargo. |
| b) Por cada ano de exercicio como director dun centro público | 0,300 | Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración real do cargo. |
| c) Por cada ano de exercicio como vicedirector, xefe de estudos, secretario, administrador ou profesor delegado nas seccións de formación profesional e outros cargos directivos | 0,200 | Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración real do cargo. |
| d) Por cada ano de servizos como cargo directivo na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Ministerio de Educación e Ciencia ou departamentos de Educación das restantes comunidades autónomas, con competencias en materia educativa, con categoría de xefe de servizo ou nivel equivalente ou superior | 0,300 | Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración real do cargo. |
| e) Por cada ano de titor | 0,200 | Certificación do director do centro. |
| f) Por cada ano como coordinador pedagóxico, coordinador de ciclo/departamento, xefe de departamento, xefe de división, xefe de departamento de normalización | 0,200 | Certificación do director do centro co visto e prace da Inspección Educativa. |
| * Por esta subepígrafe (1.2.) non se poderán obter máis de 1,500 puntos | | |
| II. Cursos de formación e perfeccionamento superados: | | |
| 2.1. Por cada curso de formación e perfeccionamento convocados polas administracións educativas ou universidades cunha duración non inferior a 30 horas | 0,300 ata 1 punto | Fotocopia compulsada do certificado de asistencia. De non figurar o número de horas, deberá xuntarse certificado da autoridade convocante no que se faga constar a duración en horas. |
| 2.2. Por cada curso de formación e perfeccionamento, convocados polas administracións educativas ou universidades cunha duración non inferior a 100 horas | 0,600 ata 1,500 | Fotocopia compulsada do certificado de asistencia. De non figurar o número de horas, deberá xuntarse certificado da autoridade convocante no que se faga constar a duración en horas. |
| III. Outros méritos: | | |
| 3.1. Méritos académicos: | Ata 1,000 | |
| a) Polo grao de doutor na titulación requirida para ingreso no corpo | 0,750 | Certificación académica ou fotocopia compulsada do título de doutor. |
| b) Por premio extraordinario ou de honra na titulación alegada para ingreso no corpo | 0,500 | Certificación académica ou fotocopia compulsada do título alegado na que conste tal cualificación. |
| c) Por título de licenciado distinto do alegado para ingreso no corpo | 0,500 | Certificación académica ou fotocopia compulsada do título correspondente. |
| d) Por outro título de grao medio | 0,300 | Certificación académica ou fotocopia compulsada do título correspondente. |
| 3.2. Publicacións e méritos artísticos: | Ata 1,000 punto | |
| a) Por publicacións de carácter didáctico sobre a disciplina obxecto do concurso ou directamente relacionadas coa organización escolar | Ata 0,500 | Os exemplares correspondentes. |
| b) Por publicacións de carácter científico sobre a disciplina obxecto do concurso | Ata 0,500 | Os exemplares correspondentes. |
| c) Por premios en exposicións ou concursos de ámbito galego, nacional ou internacional | Ata 0,500 | Documentos xustificativos destes. |

Nota: no punto 1.1 valorarase 0,041 cada mes.

## *ANEXO III*

### Temarios das especialidades
### Corpo de profesores de ensino secundario

| Código | Especialidades | Temarios |
|---|---|---|
| 001 | Filosofía | BOE do 21-9-1993 |
| 004 | Lingua castelá e literatura | |
| 005 | Xeografía e historia | |
| 006 | Matemáticas | |
| 007 | Física e química | |
| 008 | Bioloxía e xeoloxía | |
| 010 | Francés | |
| 011 | Inglés | |
| 053 | Lingua e literatura galega | DOG do 21-3-1995 |

### Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas

| Código | Especialidades | Temarios |
|---|---|---|
| 001 | Alemán | BOE do 21-9-1993 |
| 011 | Inglés | |
| 012 | Italiano | |

### Corpo de profesores de música e artes escénicas

| Código | Especialidades | Temarios |
|---|---|---|
| 408 | Fagot | BOE 19-2-2002 |
| 412 | Fundamentos de composición | |
| 419 | Óboe | |
| 422 | Percusión | |
| 423 | Piano | |
| 424 | Saxofón | |
| 427 | Trompa | |
| 428 | Trompeta | |
| 431 | Viola | |
| 460 | Linguaxe musical | |

## *ANEXO IV*

Don/Dona..., con domicilio en..., e con DNI..., declara baixo xuramento/promete, para os efectos de ser nomeado/a funcionario/a do corpo de profesores de ensino secundario/profesores de escolas oficiais de idiomas/profesores de música e artes escénicas, que non foi separado/a do servizo de ningunha das administracións públicas e que non está inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

..., ... de... de 2006.

Asdo.:

*ANEXO V*

Don/Dona..., con DNI..., domiciliado/a para efectos de notificación en: ... localidade ..., provincia ..., rúa ..., nº ..., teléfono...

EXPÓN:

Que tendo solicitado ser admitido/a ao proceso selectivo para ingreso no corpo de: ...

Profesores de ensino secundario. Profesores de escolas oficiais de idiomas. Profesores de música e artes escénicas. (Rísquense os que non procedan).

Pola especialidade de..., alega, para o obxecto de que lle sexan valorados, na fase de concurso, os méritos que relaciona e xustifica documentalmente:

Méritos alegados:

Epígrafe 1 do baremo. Documentos xustificativos.

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.

Epígrafe 2 do baremo. Documentos xustificativos.

2.1.
2.2.
2.3.
2.4.

Epígrafe 3 do baremo. Documentos xustificativos.

3.1.
3.2.
3.3.

*ANEXO VI*

Profesores de ensino secundario.

* Filosofía.

Consistirá na realización de:

-Un comentario dun texto de época antiga ou medieval.

-Un comentario dun texto da época moderna ou contemporánea.

* Lingua castelá e literatura.

Consistirá na realización de:

-Un comentario filolóxico dun texto anterior ao século XVIII.

-Un comentario literario dun texto dun autor do Século de Ouro.

-Un comentario lingüístico dun texto dun autor dos séculos XIX ou XX.

* Xeografía e historia.

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:

-Confección e interpretación de mapas históricos.

-Comentario de textos históricos.

-Elaboración e comentario de gráficos e diagramas.

-Comentario de obras de arte.

* Matemáticas.

Consistirá na resolución de:

-Cuestións e/ou problemas propostos polo tribunal relacionados co temario ou currículo que se vai impartir nas etapas de ensino secundario obrigatorio e bacharelato.

* Física e química.

Consistirá na resolución de:

Cuestións e/ou problemas propostos polo tribunal relacionados co temario e o currículo que se vai impartir nas etapas de ensino secundario obrigatorio e bacharelato.

* Bioloxía e xeoloxía.

Consistirá na realización de:

-Identificación (macroscópica ou microscópica), interpretación e análise de representacións de individuos ou procesos naturais, biolóxicos ou xeolóxicos.

-Resolución de problemas ou cuestións de xenética, bioquímica e ecoloxía.

-Interpretación de mapas e cortes xeolóxicos.

-Exposición de elementos (aspectos materiais, temporais, desenvolvemento, seguridade) que configuran a realización dunha práctica de laboratorio.

* Francés.

Consistirá na realización de:

-Tradución directa.

-Tradución inversa.

-Redacción na lingua estranxeira sobre un tema de actualidade.

* Inglés.

Consistirá na realización de:

-Tradución directa.

-Tradución inversa.

-Redacción na lingua estranxeira sobre un tema de actualidade.

* Lingua e literatura galega.

Consistirá na realización de:

-Comentario filolóxico dun texto medieval.

-Comentario lingüístico dun texto contemporáneo.

-Comentario literario dun texto de calquera etapa histórica ou xénero.

Profesores de escolas oficiais de idiomas

* Alemán, inglés e italiano.

-Proba obxectiva de gramática e léxico.

-Explotación dun texto nos seus aspectos morfosintácticos, léxicos e funcionais.

Profesores de música e artes escénicas

* Fagot, óboe, percusión, trompa, trompeta, piano, saxofón e viola.

A proba terá dúas partes:

I. Presentación dun programa de concerto elixido polo opositor no que estean incluídas, polo menos, catro obras representativas dos principais estilos da literatura do instrumento, todas elas publicadas e unha obra de música de cámara publicada. Para o desenvolvemento da proba, o opositor deberá achegar o seu/s acompañante/s. O opositor interpretará as obras que o tribunal seleccione do dito programa, durante un tempo, que en ningún caso será inferior a corenta e cinco minutos. Valorarase a dificultade técnica e o interese artístico do programa presentado.

II. Análise formal, estética e didáctica dunha obra ou fragmento facilitado polo tribunal. Este facilitaralle ao opositor as fontes documentais da dita obra ou fragmento (autor, obra, edición, etc.). O opositor disporá dun máximo de dúas horas para a preparación deste exercicio e dun máximo de corenta e cinco minutos para a súa exposición, debendo contestar a cantas preguntas formule o tribunal.

* Fundamentos de composición.

I. Realización dun traballo de harmonía (baixo e tiple combinados) proposto polo tribunal. O tempo máximo para a realización desta proba será de cinco horas.

II. Composición dunha fuga para catro voces mixtas a partir dun suxeito proposto polo tribunal. O tempo máximo para a realización desta proba será de oito horas.

III. Composición dunha obra de estilo libre a partir dunha idea e dunha agrupación instrumental proposta polo tribunal, que, ademais, determinará a súa lonxitude. O tempo máximo para a realización desta proba será de oito horas.

IV. Análise escrita formal, estética, didáctica, harmónica-contrapuntística, melódica, etc., dunha obra ou fragmento facilitado polo tribunal. Este proporcionaralle ao opositor as fontes documentais da dita obra (autor, obra, edición, etc.). O opositor disporá dun máximo de cinco horas para a preparación deste exercicio e dun máximo de corenta e cinco minutos para a súa exposición, debendo contestar a cantas preguntas lle formule o tribunal.

* Linguaxe musical.

-Lectura rítmica, sen entoar, dun exercicio en clave de sol, escrito expresamente polo tribunal, dunha extensión mínima de vinte e catro compases.

-Entoación *a capella* dun exercicio en clave de sol, escrito expresamente polo tribunal, dunha extensión mínima de doce compases.

-Escritura ao ditado dun fragmento tonal a dúas voces, composto expresamente polo tribunal, en clave de sol e cunha extensión mínima de doce compases.

-Improvisación ao piano dun acompañamento a unha melodía de estilo popular que o aspirante entoará simultaneamente. A dita melodía será escrita expresamente polo tribunal, en clave de sol e cunha extensión mínima de dezaseis compases.

-Composición dunha melodía de carácter didáctico e do seu acompañamento pianístico. O tribunal determinará o curso e grao ao que corresponderá e proporcionará o comezo da melodía (tonalidade, compás, primeiras notas, etc.). O tempo de realización deste exercicio será de cinco horas.

## *ANEXO VII*

Lingua galega.

Tema 1. Formación da lingua galega. Niveis de lingua e tratamento escolar.

Tema 2. A realidade actual da lingua: estatus legal e escolar. A normalización lingüística no ensino.

Tema 3. Particularidades fonéticas, morfosintácticas e léxicas do galego en relación coas linguas limítrofes. Tratamento escolar das interferencias.

Tema 4. Vocalismo e consonantismo.

Tema 5. O texto. Temas e subtemas. Esquema oracional. Oración simple e composta. Coordinación e subordinación.

Tema 6. O substantivo e o adxectivo. Oracións subordinadas substantivas. Oracións subordinadas adxectivas.

Tema 7. Pronomes persoais. Formas, funcións e colocación con respecto ao verbo.

Tema 8. Artigos, posesivos, demostrativos, numerais, indefinidos e interrogativos.

Tema 9. O verbo. Verbos irregulares. A perífrase.

Tema 10. Adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións. As oracións subordinadas adverbiais.

## *ANEXO VIII*

| Especialidade | Titulación declarada equivalente para efectos de docencia (1) |
|---|---|
| Corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de música | Título de profesor expedido ao abeiro do Real decreto 2618/1966, do 10 de setembro.<br>Diploma de cantante de ópera, expedido ao abeiro do Decreto 313/1970, do 29 de xaneiro. |

(1) As titulacións indicadas corresponden ao catálogo de títulos universitarios oficiais. Tamén son equivalentes para efectos de docencia as titulacións homólogas ás especificadas, segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 de novembro).

*ANEXO IX*

**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROBAS SELECTIVAS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

**1.CORPO AO QUE ASPIRA E DISCIPLINA**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **1.1.CORPO** | ☐ Profesores de ensino secundario<br>☐ Profesores técnicos de formación Profesional<br>☐ Profesores de escolas oficiais de idiomas<br>☐ Profesores de artes plásticas e deseño<br>☐ Mestres de taller de artes plásticas<br>☐ Profesores de música e artes escénicas | **1.2.DISCIPLINA** | **1.3.CÓDIGO** |

**2.CONVOCATORIA E FORMA DE ACCESO**

| 2.1.DATA DA CONVOCATORIA | | | 2.2.ACCESO |
|---|---|---|---|
| DÍA | MES | ANO | ☐ Libre<br>☐ Reserva para funcionarios dos corpos e escalas docentes do grupo B<br>☐ Reservas discapacitados<br>☐ A un corpo do mesmo grupo e complemento de destino<br>☐ Adquisición doutra especialidade dentro do mesmo corpo |

| 2.3.EXENTO DA PROBRA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA | EXENTO DA PROBA DE COÑECEMENTO DO CASTELÁN |
|---|---|
| ☐ SI<br>☐ NON | ☐ SI<br>☐ NON |

**3.DATOS PERSOAIS**

| 3.1.PRIMEIRO APELIDO | 3.2.SEGUNDO APELIDO | 3.3.NOME |
|---|---|---|

| 3.4.N.I.F. | 3.5.DATA DE NACEMENTO | NACIONALIDADE | 3.6.TELÉFONO(con prefixo) | 3.7.ENDEREZO,RÚA OU PRAZA E NÚMERO |
|---|---|---|---|---|

| 3.8.LOCALIDADE (con indicativo postal) | 3.9.Provincia |
|---|---|

**4.TITULACIÓNS**

| 4.1.TÍTULOS ACADÉMICOS QUE ALEGA PARA INGRESO NO CORPO | 4.2.CENTRO DE EXPEDICIÓN | 4.3.LOCALIDADE |
|---|---|---|

**5.SERVIZOS EFECTIVOS PRESTADOS COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA**

| 5.1.CORPO OU ESCALA Á QUE PERTENCE | 5.2.NÚMERO R.PERSOAL | 5.3.DISCIPLINA | 5.4.CENTRO DESTINO ACTUAL | 5.5.TEMPO DE SERVIZOS | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ANOS | MESES |

**6.EXPERIENCIA DOCENTE EN CENTROS PÚBLICOS**

| 6.1.CORPO OU ESCALA | 6.2.DISCIPLINA | 6.3.CENTRO DESTINO | 6.4.DATA ALTA | 6.5.DATA BAIXA | 6-6-TEMPO DE SERVIZOS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | ANOS | MESES |

**7.EXPERIENCIA DOCENTE NOUTROS CENTROS**

| 7.1.CORPO OU ESCALA | 7.2.DISCIPLINA | 7.3.CENTRO DESTINO | 7.4.DATA ALTA | 7.5.DATA BAIXA | 7-6-TEMPO DE SERVIZOS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | ANOS | MESES |

O abaixo asinante solicita ser admitido ao proceso selectivo o que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela e que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e as especialmente sinaladas na convocatoria anteriormente citada, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

En............................................................., a ............... de ....................................... de 20.........

SINATURA

**SECRETARIO XERAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ANEXO X*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

**TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**
Lei 6/2003, do 9 de decembro
Decreto 61/2005, do 7 de abril
AUTOLIQUIDACIÓN

Modelo **A** EUROS

A-

**CÓDIGOS**

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria Código: 0 7
Delegación de Servizos Centrais Código: 1 3
Servicio de Secretaría Código: 0 1
Taxa: denominación Código: 3 0 0 3 0 0

**SUXEITO PASIVO**

NIF | APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL
VÍA PÚBLICA | NÚMERO | ESCAL. | PISO | PORTA | TELÉFONO
CONCELLO | PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL

**LIQUIDACIÓN**

BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPOÑIBLE OU UNIDADES | TIPO OU TARIFA | IMPORTE A INGRESAR
TOTAL €

........ a ........ de ........ de 20 ........
Sinatura do declarante ou representante legal

Selo | Data | Número

**IMPORTANTE:** O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.

*Orde do 10 de marzo de 2006 pola que se convoca procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, e para adquirir a habilitación en novas especialidades.*

A disposición adicional décimo primeira, número 1, da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e o Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, polo que se regula o ingreso, e a adquisición de novas especialidades nos corpos de funcionarios docentes que imparten as ensinanzas escolares do sistema educativo, establecen que o sistema de ingreso na función pública docente será o de concurso-oposición, convocado polas respectivas administracións educativas que se encontren en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa.

Por outra banda, o artigo 44 do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, establece que as administracións educativas determinarán, mediante as oportunas convocatorias, as especialidades que dentro do corpo de pertenza se poden adquirir mediante o procedemento descrito no título V do citado real decreto.

Aprobada polo Decreto 43/2006, do 2 de marzo, a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario de corpos docentes que imparten ensinanzas escolares da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acorda anunciar as seguintes convocatorias e as correspondentes bases:

Convocatoria do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.

Convocatoria para a adquisición de novas especialidades no corpo de mestres.

## TÍTULO I
### Procedemento de ingreso

Base común 1. Normas xerais.

1.1. Número de prazas.

Convócanse probas selectivas para cubrir 360 prazas correspondentes ao corpo de mestres.

A distribución das prazas, polo sistema de cobertura e especialidade, é a seguinte:

| Especialidade | Acceso libre | Prazas reservadas a discapacitados | Total |
|---|---|---|---|
| Idioma estranxeiro: inglés | 56 | 4 | 60 |
| Idioma estranxeiro: francés | 14 | 1 | 15 |
| Educación infantil | 112 | 8 | 120 |
| Pedagoxía terapéutica | 56 | 4 | 60 |
| Audición e linguaxe | 61 | 4 | 65 |
| Música | 14 | 1 | 15 |
| Educación física | 23 | 2 | 25 |
| Total | 336 | 24 | 360 |